



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. José Antonio Rodríguez Vázquez
D. José Pose Blanco
D. José Angel Vázquez Barquero
D. José Tojo Suárez
D. Carlos Martínez-Peñalver Freire
D. José Barreiro Somoza
D. Eusebio Corbacho Rosas
D. Xulio Pardellas de Blas
D. José Carlos Cermeño Iglesias
D. Xosé Luís Legido Soto
D. Alberto Alonso Costas
Dª Mª Luisa Alonso Escontrela
D. Pedro Antonio Araújo Nespereira
D. Enrique Barreiro Alonso
Dª Carmen Becerra Suárez
D. Luis Bernal Conde
D. José Luis Capelo Martínez
Dª Milagros Cavada Nieto
D. José Chavete Rodríguez
D. Xosé Manuel Cid Fernández
D. José Mª Correa Otero
Dª Margarita Estévez Toranzo
D. Antón Fernández Alvarez
Dª Esperanza Fernández Gómez
D. Luis Vicente García Lloréns
D. José Antonio Gómez Barbeito
D. Alejandro V. Gómez Soler
Dª Mª do Carmo Henriques Salido
D. Juan Janeiro Vilaboa
D. Manuel López Iglesias
Dª Betty Mireya León Fong
Dª Mª del Pilar López Vidal
D. José Mira Penedo
D. Carlos Mollinedo Lois
D. Guillermo de Oca Cancela
D. Xosé Luis Outes Ruso
D. Angel Pereira Díaz
D. Cándido Pérez Betanzos
D. Manuel Pérez Donsión
D. Luis Pérez Gómez
D. Mariano P-Mnez. e P-Amor
Dª Verónica Piñeiro Fernández
D. Manuel Joaquín Reigosa Roger
D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
D. Celso Rodríguez Fernández
D. José Angel Sampayo Fernández
D. José Manuel Santos Suárez
D. Francisco Tugores Martorell
D. Fco. José Vázquez Núñez
Dª Mª Teresa Viñas Gil
Dª Asunción García Carro (UXT)
D. José A. Veiro García (CC.OO.)
D. Horacio A. Villar Suárez (CIG)

ESCUSAN ASISTENCIA

D. Joel Fernández Soto
Dª Camino Noia Campos

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, celebrada o dous de xullo de mil novecentos noventa e seis, ás 9.30 horas, no Paraninfo do Rectorado da Universidade de Vigo.

O martes, **día 2 de xullo de 1996**, ás 10.25 horas, celebrouse sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de trata-los seguintes puntos da orde do día:

- 1º.- Aprobación, se procede, da Acta de sesión anterior.
- 2º.- Informe do Rector.
- 3º.- Asuntos de Profesorado: Normativa de concurso; Delegación do concurso na Comisión de Docencia; Cadro de Persoal curso 95-96; Proxecto de saída de cátedras segundo cadro de persoal; Normativa de lectores; Cuantía da bolsa para os Bolseiros de Apoio á Docencia Práctica; Promoción TIT-EU; Prazas BOE, Transformacións; Comisión de servizo; Profesor visitante; Permisos; Cambios de área.
- 4º.- Asignación de remanente de tesourería do ano 1995.
- 5º.- Aprobación, se procede, de creación de Departamentos (continuación Xunta de Goberno do 24.05.96).
- 6º.- Adscripción de materias a áreas de coñecemento.
- 7º.- Aprobación, se procede, de materias optativas e de libre elección.
- 8º.- Aprobación, se procede, de criterios de avaliación da produción científica.
- 9º.- Aprobación, se procede, de Normativa de acceso á Rede IRIS.
- 10º.- Aprobación, se procede, do Estatuto dos Colexios maiores e Residencias da Universidade de Vigo.
- 11º.- Aprobación, se procede, do convenio e das normativas provisionais de réxime interno da Residencia universitaria "A Peregrina" (Pontevedra).
- 12º.- Aprobación, se procede, de Normativa de convocatoria de prazas nas Residencias da Universidade de Vigo.
- 13º.- Declaración de lesitividade na concesión de axuda a alumno.
- 14º.- Aprobación, se procede, de expediente de conformación de gasto.
- 15º.- Rogos e preguntas.

Preside a sesión, por ausencia do Rector, o Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez, e actúa como Secretario, o Xeral da Universidade, D. Xosé Luís Legido Soto.

No **punto 1**, apróbase a Acta da sesión do 24-05-96, coas modificacións que se reflicten na definitiva.

O **punto 2**, informe do Rector, pásase ó punto 14.

No **punto 3**, Asuntos de Profesorado, preséntase un escrito da Federación de Traballadores do Ensino de FETE-UXT, rexistro de entrada 11469 (anexo I), cunha proposta de retirada do punto.

Non se acepta retirar-lo punto e comézase coa presentación da Normativa do concurso que fai o Vicerrector de Profesorado, D. Eusebio Corbacho Rosas.

Hai varias proposta de modificación da Normativa: artigos 8.c (Prof^a Milagros Cavada), que a retira, e ós 9 (engadir "informar na rede INTERNET"), 11 (engadir "o servizo de persoal remitirá de seguido ós presidentes das Comisións específicas das áreas de coñecemento, ó Centro ou Departamento que fixen como sede de actuación das mesmas") e 20.a.2 (rexeitar "ou reclamación segundo o establecido") e Disposición Transitoria (engadir "de ámbito universitario"), presentadas polo profesor Antón Fernández; acéptase as propostas.

Acéptase, por asentimento, a Normativa pola que se determinan as bases xerais das convocatorias de concurso para a selección de Persoal docente interino e contratado da Universidade de Vigo (anexo II).

No mesmo punto, apróbase a Delegación do concurso na Comisión de Docencia para o curso 96/97, debendo esta comunicar ós Departamentos, por escrito, as modificacións que se aproben.

A profesora Henríquez Salido pide que se comunique, por parte do Vicerrectorado de Profesorado, ós Departamentos as modificacións que se produzan nos PODs.

Segue o punto 3, co Cadro de Persoal do curso 95-96, do que informa o Vicerrector de Profesorado, D. Eusebio Corbacho Rosas (anexo III).

O profesor Outes Ruso pide que se estudie como recorta-lo problema do déficit nalgunhas áreas debido ós novos planos de estudio.

Respecto do proxecto de saída de cátedras, apróbase unha proposta do Vicerrectorado de Profesorado, pola que se lle comunica ós Departamento que, segundo o cadro de persoal, indiquen unha proposta temporal de saída de Cátedras debido a que o número das mesmas na Universidade de Vigo é moi baixo.

Sobre a Normativa de lectores, informa o Vicerrector de Profesorado, D. Eusebio Corbacho Rosas.

A Prof^a Carmen Becerra pide que no punto 3 se engada "1 ano".

Faise a votación:

-proposta inicial:	20 votos
-proposta Prof ^a Carmen Becerra:	2 votos
-abstencións:	18

Apróbase a Normativa de lectores (anexo IV).

Respecto da Cuantía da bolsa para os Boleiros de Apoio á Docencia práctica, faise a proposta de 360.000 ptas.

Hai un debate e faise unha votación:

-votos a favor:	31
-votos en contra:	0
-abstencións:	8

Hai un conste en acta de D. Cándido Pérez Betanzos e D. Manuel Joaquín Reigosa Roger que "non están de acordo coa figura".

Apróbase a Cuantía de bolsa por importe de 360.000 ptas.

Acerca da Promoción dos Titulares de Escola Universitaria, o Vicerrector de Profesorado, D. Eusebio Corbacho Rosas indica que a Comisión de Docencia de acordo co aprobado en Xunta de Goberno, 24.05.96, emitiu informe favorable respecto da proposta do Departamento de "Organización de Empresas", na que se pide prazas de titular de universidade para promoción dos profesores D^a Pilar López Vidal, D. Demetrio Sáez de Viteri Arranz e D. José Cabanelas Omil.

Hai un debate no que se poñen de manifesto dúas posturas, unha a favor da Comisión de Docencia "na que se debe respecta-la decisión do Departamento sempre que estea na mesma liña" e outra "na que se debe ter en conta a petición dos interesados que desexan a saída de cátedras de escola universitaria".

Hai unha votación co seguinte resultado:

-proposta da Comisión de Docencia (anexo V):	17 votos
-petición interna de saída de CAT-EU:	19 votos
-abstencións:	2

Acórdase a saída de 3 cátedras de escola universitaria, para promoción dos profesores D^a Pilar López Vidal, D. Demetrio Sáez de Viteri Arranz e D. José Cabanelas Omil, pedindo ó Departamento de "Organización de Empresas" que propoñan tribunais axeitados.

Presentan voto particular a profesora D^a Carmen Becerra Suárez "*como membro da Comisión de Docencia e membro así mesmo da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, presento voto particular a favor da proposta da Comisión á que pertenzo, por razóns de política universitaria, sen prexuízo de considerar que a Xunta de Goberno está facultada por lei para intervir en toda ocasión, e decidir o que considere conveniente en cada caso*" e os profesores D^a Margarita Estévez Toranzo e D. Manuel Joaquín Reigosa Roger "*en contra da decisión adoptada xa que, na nosa opinión, a Xunta de Goberno en ningún caso debe tomar decisións que estean en contra dos acordos acadados no seo de órganos colexiados, de acordo coas súas competencias.*

No caso que nos ocupa, decidiuse sobre o tipo de prazas a concurso-oposición aprobadas no Consello do Departamento de Organización de Empresas. A proposta deste Departamento foi, ademais, ratificada pola Comisión de Docencia, delegada da Xunta de Goberno".

Apróbase a saída a concurso (BOE) das seguintes prazas:

D02	305	TIT-UN	Vigo	Cabrera Bellmont, Francisco Javier
D26	595	TIT-UN	Vigo	Castejón Lafuente, Alberto
D14	370	TIT-EU	Pontevedra	- - -
D14	370	TIT-EU	Ourense	- - -

Apróbase a transformación das seguintes prazas:

D01	800	Sobreira Seoane, Manuel	de PP a TIT-UN(I)
D02	305	Alonso Rodríguez, José Antonio	de AXU-EU a TIT-EU(I)
D11	385	Torres Palenzuela, Jesús M.	de PP1 a PP2
D18	055	Rey Fraile, Manuel Angel	de AXU-UN2 a TIT-UN(I)
D26	595	Prieto Gómez, Cristina	de PP2 a TIT-UN(I)
D27	760	Couce Fortúnez M ^a Delfina	de AXU-UN2 a TIT-UN(I)
D27	765	Terán Moldes, M ^a Carmen	de AXU-UN a PP2

Preséntase unha cuestión sobre a xubilación dos profesores asociados.

Sobre a Comisión de servicio do profesor Leiceaga Baltar, retírase a petición do mesmo.

A resultas da retirada desta comisión, non procede a contratación do profesor visitante.

Apróbase a concesión dos seguintes permisos:

-Fraile Peláez, Francisco Javier	do 01.09.96 ata 01.12.96
-Manzano González, Baltasar	do 01.10.96 ata 31.12.96
-De Miguel Palacios, Carlos	do 01.10.96 ata 31.12.96
-Vallejo Pousada, Rafael	do 01.07.96 ata 31.07.96
-Vallejo Pousada, Rafael	do 01.09.96 ata 30.10.96
-Vázquez Otero, María Elsa	do 0.1.07.96 ata 31.09.96

Apróbase a solicitude de cambio de área do profesor D. Javier Gómez Guinovart, da 573, "Lingüística aplicada á Traducción e Interpretación, á 575 "Lingüística xeral".

Hai un conste en acta de D. Horacio A. Villar, por "*non tratarse o punto 2*".

No **punto 4**, hai unha petición de retirada por punto por parte de D. Horacio A. Villar Suárez e D. Cándido Pérez Betanzos "*xa que non se acompaña documentación algunha nin de proposta de acordo; que esta documentación solicitouna verbal e reiteradamente ó Sr. Secretario Xeral, obtendo como resposta a confirmación da súa inexistencia, que tal como figura no artigo 8.4 do Regulamento da Xunta de Goberno, a documentación debe estar á disposición dos seus membros con 96 horas de antelación*".

Faise unha votación:

-a favor de mantelo:	18 votos
-a favor de retiralo:	9 votos
-abstencións:	6

Non se acepta esta petición.

Presenta o punto o Vicerrector de Economía, D. José Pose Blanco, indicando o seguinte remanente de tesourería do ano 95:

-para o Campus de Ourense:	110 millóns
-para Fisioterapia:	150 millóns
-para Transporte:	8 millóns
-para adquisición parque móbil:	81,2 millóns
-para reforma laboratorio antigo CUVI:	50 millóns
Total...	399,2 millóns.

Faise unha votación co seguinte resultado:

-votos a favor:	22
-votos en contra:	8
-abstencións:	10

Apróbase a asignación de remanente de tesourería do ano 1995: para o Campus de Ourense, 110 millóns; para Fisioterapia: 150 millóns; para Transporte: 8 millóns; para adquisición parque móbil: 81.200 millóns; para reforma laboratorio antigo CUVI: 50 millóns.

Presenta voto particular D. Cándido Pérez Betanzos: "*O voto negativo fundaméntase nas seguintes consideracións: 1) Inexistencia de documentación tal como prevé o artigo 8.4 do Regulamento da Xunta de Goberno, cando o Vicerrector de Economía, previsiblemente, tiña elaboraba a proposta. 2) Descoñecemento dos membros da Xunta de Goberno do Remanente non específico, por non terse presentado a liquidación orzamentaria do exercicio 1995. 3) Inexistencia de programación plurianual ó que impide establecer prioridades. 4) Inexistencia de informes que xustifique o gasto en cada caso. 5) Usurpación da posibilidade de debate no seo da Comunidade universitaria sobre unha modificación orzamentaria que supera os 400 millóns de ptas. e suporá a alteración do remanente que figure na liquidación do orzamento de 1995*".

No **punto 5**, informa o Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver, indicando que se continua coa creación de departamentos iniciada na Xunta de Goberno do 24.05.96, na que quedaron pendentes de aprobación o ámbito de HUMANIDADES e o XURÍDICO-SOCIAL. O Vicerrector expón que a Comisión fai varias propostas debéndose votar unha delas.

Ámbito de HUMANIDADES.

Hai tres propostas, opción A, opción B e opción C (anexo VI).

Hai varias proposicións: D. Xosé M^a Gómez Clemente (Secretario do Departamento de Filoloxía Galega), D. Eduardo Varela Bravo (Director do Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemana) e D. Celso Rodríguez Fernández (Decano da Facultade de Humanidades de Vigo), que defenden a opción C.

Prodúcese un debate e faise posteriormente a votación, co seguinte resultado:

-opción A:	26 votos
-opción B:	0
-opción C:	13 votos
-brancos:	2

Apróbase o ámbito de HUMANIDADES, opción A.

Ámbito XURÍDICO-SOCIAL.

Apróbase o Departamento de "Dereito Privado".

Departamento de Economía Financeira e Contabilidade.- Interveñen os profesores D. Cecilio Huarte Galván, "que pide 2 departamentos", e D. Francisco Javier Martínez Cobas, "que pide un departamento".

Faise unha votación co seguinte resultado:

-proposta Comisión:	27 votos
-proposta profesor Huarte:	10 votos
-brancos:	2

Apróbase o Departamento de Economía Financeira e Contabilidade.

Apróbanse os Departamentos de "Fundamentos da Análise Económica e Historia e Institucións Económicas" e de "Organización de Empresas e Marketing".

Sobre o Departamento de "Didácticas Especiais", intervén o profesor D. Gerardo Salgado Valdés que presenta un escrito (anexo VII), defendendo a opción B.

Tras un debate, faise a votación co seguinte resultado:

-opción A:	20 votos
-opción B:	17 votos
-brancos:	5

Apróbanse os Departamentos de "Didácticas Especiais" e "Didáctica das Ciencias e da lingua".

No Departamento de "Dereito Público e Economía Aplicada" prodúcese un debate sobre a área de coñecemento "Dereito Financeiro e Tributario". D. Alberto Gago Rodríguez defende a postura de que a dita área forme parte do Departamento de "Economía Aplicada" e D. Eloy García López defende a postura proposta pola Comisión de que a área pertenza ó departamento de "Dereito Público".

Faise a votación co seguinte resultado:

-opción A:	19 votos
-opción B:	14 votos
-brancos:	8

Apróbase que a área de "Dereito Financeiro e Tributario" forme parte do departamento de "Dereito Público".

No Departamento "Psicoloxía Educativa e Comunicación", intervén o profesor Cid Sabucedo; chégase a un acordo a acéptase a opción A.

Faise a votación global de Departamentos:

-a favor:	27 votos
-en contra:	2 votos
-abstencións:	4

Apróbanse os Departamentos (anexo VIII), quedando pendente os nomes dos departamentos de "Matemática e Didáctica da Matemática" e de "Bioloxía Vexetal, Edafoloxía e Química Agrícola".

Remata a sesión ás 21 horas, convocándose a continuación para o día 8 de xullo de 1996.

Reanúdase o día 8, ás 10.30 horas.

No **punto 6**, Adscripción de materias a áreas, o Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire, explica a proposta da Comisión de Ordenación Universitaria (anexo IX) engadindo adscripcións (anexo X).

Discútese as seguintes adscripcións:

"Socioloxía da Comunidade e Desenvolvemento comunitario", no que o Departamento de "Socioloxía, Ciencia Política..." pide a adscripción á área 813 (anexo XI).

Apróbase que "Socioloxía da Comunidade e Desenvolvemento comunitario" se adscriba á área 813.

"Intervención Educativa", o profesor Cid Sabucedo solicita a adscripción á área 215 (anexo XII).

Faise unha votación co seguinte resultado:

-proposta da Comisión:	10 votos
-proposta Cid Sabucedo:	20 votos
-brancos:	2

Apróbase que "Intervención educativa" se adscriba á área 215.

Discútese "Lingua e Literatura e a súa Didáctica I Galego" e "Lingua e Literatura e a súa Didáctica II Galego".

Pide que cambie a adscripción o profesor D. Antón Fernández Alvarez.

Faise a votación, co seguinte resultado:

-a favor proposta da Comisión:	19 votos
-a favor proposta de D. Antón Fernández:	1 voto
-abstencións:	5

"Estatística"; o Director do Departamento de Organización de Empresa, solicita a adscripción á área 095 (anexo XIII); a Comisión aconsella á área 265.

Faise unha votación, co seguinte resultado:

-a favor da adscripción á área 095:	1 voto
-a favor da adscripción á área 265:	17 votos
-abstencións:	8

"Organización e planificación" da E.U. de Estudios Empresariais de Vigo e de Ourense, a Comisión pide a mesma adscripción nos dous Centros.

A Directora do Centro de Vigo, D^a M^a del Pilar López Vidal, e o Director do Centro de Ourense, D. Luis V. García Lloréns, din que se manteñan as peticións dos Centros dadas as peculiaridades dos mesmos; acéptase a proposta dos Centros.

O Director do Departamento de "Organización de Empresas" defende a postura de que teñan a mesmas adscripción.

Faise a votación global do punto:

-a favor da postura dos Directores dos Centros:	24 votos
-a favor da postura do Director do Departamento:	0
-abstencións:	9

Hai un voto particular do profesor D. Xosé Manuel Cid Fernández, ó que se suma a profesora D^a Carmen Becerra Suárez, que di *"Resulta lamentable que se vote en contra da vontade unánime dun Centro, que adscribiu unha materia a unha área tendo en conta os intereses globais da titulación. No caso da materia de "Intervención educativa de problemas de desadaptación Social", fundamental para a profesionalización dos educadores sociais, debe ser impartida por algún especialista de recoñecido prestixio no campo da marxinação, as minorías a prevención de drogodependencias, etc., profesionais que dificilmente poden incluírse na área de "Didáctica e organización escolar" mais ocupada da formación do profesorado que da educación social. Eu mesmo, que abandonei a Xunta de Goberno, para asistir ó XI Congreso de Pedagogía, participei na Sección de "Educación Social e Políticas sociais", onde non puider coincidir con ningún profesor de Didáctica de todo o Estado, mentres a maioría dos participantes pertencía ó campo da Pedagogía Social, incluído na área de Teoría e Historia da Educación. Se a Xunta de Goberno considera que acertou na súa decisión, pídlle que faga un seguimento das prazas que convoca o Departamento de Didáctica e Organización escolar, para comprobar se en algún caso se fai referencia a perfís profesionais no campo da marxinação social. Se é así, felicito á Xunta de Goberno, aínda que non comparto o procedemento. No caso contrario, en que a área de Didáctica non garante a formación de alumnado neste campo de coñecemento, esíxelle á Xunta de Goberno que asuma a responsabilidade do seu voto"*.

No **punto 7**, expón o tema, das Materias optativas o Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire.

Hai varias modificacións:

Facultade de Humanidades de Vigo: pídesse a inclusión de: "Interpretación de textos técnicos B/A nas súas 4 modalidades, F/E, F/G, I/E, I/G", como optativas de 2º ciclo en Traducción e Interpretación, e a eliminación de Introducción ó Dereito II substituída por "Relacións Internacionais I", tódalas materias "sen custo".

Prodúcese un debate onde hai unha petición de conste en Acta sobre a matización que fai o Vicerrector de Profesorado, respecto dunha petición de Cátedra que fai o Decano de Dereito, sobre as horas da materia de Relacións Internacionais.

Faise a votación:

-proposta "con custo":	11 votos
-proposta "sen custo":	14 votos
-abstencións:	7

Apróbase a inclusión de "Interpretación de textos técnicos B/A nas súas 4 modalidades, F/E, F/G, I/E, I/G", como optativas de 2º ciclo en Traducción e Interpretación" sen custo, e a eliminación de "Introducción ó Dereito II substituída por "Relacións Internacionais I".

Minas.- Xeoloxía ambiental; o profesor Araujo Nespereira non está de acordo coa adscripción á área.

Faise a votación do cadro de materias optativas, co seguinte resultado:

-a favor proposta:	23 votos
-en contra:	0
-abstencións:	1

Apróbase o cadro de materias optativas (anexo XIV).

Materias de libre, presenta o tema o Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire.

Hai peticións dos profesores D. Xosé Manuel Cid Fernández (de que os complementos de psicopedagogía sexan tamén de libre elección), D. Francisco José Vázquez Núñez (que solicita que se asigne centro ós profesores da área de "Linguaxes e Sistemas informáticos", debido á desaparición da materia de libre elección de "Informática I" e "Informática II" da Facultade de Ciencias Vigo. Acórdase que sigan na Facultade de Ciencias de Vigo) e Dª Mª do Carmo Henriques Salido (di que o 30 de maio mandouse un escrito, rexistro 188 do Departamento de Filoloxía Española, solicitando a materia e libre elección "Introducción a la lengua en la Publicidad" na Facultade de Ciencias Sociais que era impartida por Dª Luisa Blanco; a dita materia non se ofertou como de libre elección, polo que amosa a súa protesta).

O Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire, indica outras peticións en materias de libre elección:

-"Nocións básicas de dereito I e II" e "Introducción á robótica", as que non foron aceptadas.

Procédese de seguido á votación do cadro das materias de libre elección, co seguinte resultado:

-votos a favor:	20
-votos en contra:	0
-abstencións:	4

Apróbase as materias de libre elección (anexo XV)

No **punto 8**, presenta os Criterios de avaliación da produción científica o Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez, indicando que realizáronse pequenas modificacións técnicas respecto do curso anterior.

Apróbanse asentimento (anexo XVI).

No **punto 9**, Normativa de acceso á Rede IRIS, o Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez, explica a mesma.

D. Alberto Alonso Costas pide que os alumnos poidan acceder á Rede, explicándolle o Vicerrector que só é para o persoal de investigación, xa que así figura nas normas do Ministerio. D. Alberto Alonso Costas pide que se controle o acceso á rede por parte dos profesores, analizando se se fai uso exclusivo para investigación.

Faise a votación, co seguinte resultado:

-votos a favor:	22
-votos en contra:	4
-abstencións:	2

Apróbase a Normativa de acceso á Rede IRIS (anexo XVII).

No **punto 10**, Interpretación de textos técnicos B/A nas súas 4 modalidades, F/E, F/G, I/E, I/G", como optativas de 2º ciclo en Traducción e Interpretación, e a eliminación de Introducción ó Dereito II substituída por "Relacións Internacionais I", tódalas materias "sen custo", presenta o Vicerrector de Planificación, D. José Barreiro Somoza.

D. Horario A. Villar Suárez pide que como nos demais regulamentos, se envíe a período de emendas e que despois se trate en Xunta de Goberno.

Non se acepta.

Suspéndese a sesión ás 14.30 h., reanudándose no Salón de Actos da Escola Universitaria de Estudos Empresariais de Vigo, ás 17 h.

Decídese trata-lo Regulamento, artigo por artigo.

Artigo 6.- Dª Carmen Becerra Suárez di que non está claro o réxime de permanencia; o Vicerrector de Planificación, D. José Barreiro Somoza di que se debaterá no artigo 12.

Artigo 7.- D^a Carmen Becerra Suárez propón que se fixe a porcentaxe de prazas alumno/profesor; o Vicerrector de Planificación di que no artigo 1 xa se fixa a prioridade dos alumnos; retírase a proposta.

Artigo 11.e.- D. Juan Janeiro Vilaboa pide que sexa obrigatoria a información dos acordos; o Vicerrector de Planificación di que o artigo está ben redactado; déixase o artigo como está.

Artigo 12.f.- D. Juan Janeiro Vilaboa pide que se retire o de respecta-lo silencio nas inmediateiros da Residencia; mantense o artigo tal como está.

Artigo 14.2.- D^a Carmen Becerra Suárez pide que o director sexa un profesor numerario a tempo completo; acéptase a proposta.

Artigo 17.- D. Juan Janeiro Vilaboa pide que sexan 2 membros de cada comisión e que o consello se reúna, cando menos, dous veces ó ano; acéptase.

Artigo 21.- D. Juan Janeiro Vilaboa pide que se reúna, polo menos, dúas veces ó ano; acéptase.

Artigo 22.- D. Cándido Pérez Betanzos pide que se retire o artigo 22.2.

Faise unha votación, co seguinte resultado:

-a favor de mantelo:	19 votos
-a favor da retirada:	3 votos
-abstencións:	0

Mantense o artigo 22.2.

Artigo 38.- D^a Carmen Becerra Suárez pide que se poñan os novos edificios, cambiando polo termino estas edificacións, e que se engada ó artigo 38.2 para os edificios xa existentes; retírase.

Artigo 39.- D. José A. Sampayo Fernández pide cambia-lo termino restaurante polo de comedor e engadir lavandería; acéptase.

Elimínase a disposición adicional.

Faise a votación do Regulamento:

-votos a favor:	22
-votos en contra:	0
-abstencións:	2

Apróbase o Estatuto dos Colexio Maiores e Residencias da Universidade de Vigo (anexo XVIII).

Retírase o **punto 11**.

No **punto 12**, Normativa de convocatoria de prazas nas Residencias da Universidade de Vigo, presenta o Vicerrector de Innovación educativa e Estudiantes, D. José Angel Vázquez Barquero (anexo XIX); apróbbase.

No **punto 13**, Declaración de lesitividade na concesión de axuda a alumno, presenta o Secretario Xeral, D. Xosé Luís Legido Soto; apróbase.

No **punto 14**, Expediente de conformación de gastos, presenta o Xerente, D. José Carlos Cermeño Iglesias, que explica o cambio indicando que: a partida de 605.826.- corresponde a atencións protocolarias do ano 1995; a de 715.955.-, son facturas pendentes de material de oficina; as 14.999.- pertencen a un aloxamento impagado dun conferenciante; a de 19.550.- a unha factura extraviada.

D. Cándido Pérez Betanzos di que non vai aproba-la conformación de gasto, xa que a partida de 605.826.- incumpre o apartado 4 do artigo 2 do orzamento de 1995.

Prodúcese unha votación co seguinte resultado:

-votos a favor:	19
-votos en contra:	3
-abstencións:	3

D. Cándido Pérez Betanzos presenta voto particular en contra "*da conformación gasto da cantidade de 605.826.- ptas. que por explicacións do Sr. Xerente correspóndese co concepto 226.01, débese ás seguintes razóns: 1º.- Segundo dispón o artigo 2º-2-b das normas de execución presupostaria, a partida de gastos 226.01 é vinculante a nivel de concepto. 2º.- O artigo 2º-4 da mesma normativa establece que "non se poderán adquirir compromisos de gastos por unha contía superior ó importe dos créditos autorizados no estado de gastos e serán nulos de pleno dereito os actos administrativos e as disposicións xerais que infrinxan estas normas, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan"*.

A este voto particular en contra súmase D^a M^a do Carmo Henríquez Salido.

Pásase ó **punto 2**, o Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez, informa:

- dos folletos dos planos de estudio;
- sobre a reunión da Comisión de Rectores do 7-6-96, destacando o aumento do nº das prazas de profesorado;
- do desdoblamento de áreas de coñecemento;
- do cambio de nome de áreas de coñecemento;
- das novas subcomisións por ámbitos;
- que o expediente a D. Mario Iglesias resolveuse con 1 ano de privación de exame;
- sobre o problema das Residencias no campus de Ourense, debido a concesión de terreos polo Concello á Fundación San Rosendo, e que a Universidade de Vigo vai poñer recurso contencioso-administrativo;
- que o Consello de Universidades está levando a cabo unha remodelación dos planos de estudio, constituíndose unha Comisión no seno do Consello que está a traballar nesta liña;
- que crease unha Comisión que estudia a reforma do 3º Ciclo, buscando unha posible expedición dun título único de doutoramento, unha redución dos programas de doutoramento e un control efectivo das materias dispensadas;
- que comezou a limpeza do monte no Campus de Vigo;
- que se aproba a licenza do acondicionamento do campus de Ourense;
- le o escrito achegado pola Plataforma do Campus de Ourense;

-explica a non participación da Universidade de Vigo no plano especial de avaliación das Universidades, xa que entre as distintas modalidades propostas ás Universidades só fan a avaliación dunha titulación ou dun Centro, e que o ano próximo se está a preparar un equipo que faga un estudio para presentarse ó próximo plano de avaliación.

Sobre o informe, D. José Angel Sampayo Fernández di que non está de acordo coa sanción imposta a D. Mario Iglesias.

No **punto 15**, Rogos e preguntas, preséntanse varios.

-D. XOSÉ HENRIQUE COSTAS FERNÁNDEZ.- Pregunta:

- 1) Porque aínda non se levou á Xunta de Goberno o plano de estudos de Filoloxía Galega, cando se pensa facer, e cando enviolo ó Claustro universitario (*O Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire di que o día 9 réunese a Comisión para levalo o máis axiña posible*).
- 2) Se as informacións da prensa de que Filoloxía Galega implántase nun Centro de FP é correcta (*O Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez di que a dita información non é correcta*).

-D^a M^a DO CARMO HENRÍQUEZ SALIDO.- Fai as seguintes suxestións:

- 1) Pide que o Equipo de Goberno e o Rector dean un indulto a D. Mario Iglesias e que sexan magnánimes co alumno.
- 2) Que se conteste ó escrito enviado pola Plataforma pro-campus de Ourense.
- 3) Reitera ó Rector que a Mesa do Claustro trate o tema dos ceses como claustrais dos profesores que cambian de Centro.
- 4) Pide que se arbitren medidas contra dos membros que non asisten á Xunta de Goberno.
- 5) Pide ó Vicerrector de Investigación que publique as investigacións realizadas nos proxectos concedidos.
- 6) Que se teña coidado cos premios e as medallas que concede a Universidade de Vigo e que se faga un informe previo.

Fai as seguintes preguntas:

- 1) Que pasa co expediente aberto ó profesor de Filoloxía Española, D. Ramón Cao Martínez e pide sexa resolto á maior brevidade.
- 2) Debido á división da área de Filoloxía Española, se ten que haber un mínimo de profesores en cada unhas das novas áreas.
- 3) Que tramitación hai que seguir para que figure o ISBN nos libros publicados.
- 4) Que pasou co Instituto de Ciencias da Educación.

-D. CÁNDIDO PÉREZ BETANZOS.- Fai dous rogos:

- 1) Que a documentación que xustifica a asignación do remanente aprobado no punto 4º se remita ós membros da Xunta de Goberno, especialmente a certificación do Servizo de Contabilidade sobre a existencia de remanente ó 31-12-95.
- 2) Que se convoque á representación de Persoal laboral de Administración e Servizos para iniciar a negociación da RPT-96, xa que presentada a nosa proposta o 15 de xaneiro de 1996, aínda estamos agardando, malia que o regulamento do Persoal de Administración e Servizos obrigaba a ter rematado este proceso no 1º semestre.

-D. HORACIO A. VILLAR SUÁREZ.- Anexo XX.

-D. **JOSÉ A. SAMPAYO FERNÁNDEZ.**- Pide que unha comisión específica estudie o cumprimento dos PODs relativos ás clases e ás titorías.

-D^a **CARMEN BECERRA SUÁREZ.**- Pregunta se na Facultade de Humanidades de Vigo se pensa implantar, como sección-delegada, Filoloxía Galega (*O Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez, di que se dará información cando se estableza a sección-delegada*).

Fai constar que pediu reiteradas veces que Filoloxía Galega se puxera en marcha en Vigo.

-D^a **ANA BELÉN REBOREDO FERNÁNDEZ.**- Pregunta se o ano próximo vaise implanta-lo novo plano de estudos de Informática de Xestión e se este se verá afectado pola reforma do Consello de Universidades (*O Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez contesta que non lle vai afectar, e o Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire di que se pon en marcha o ano que ven*).

-D^a **M^a DEL PILAR LÓPEZ VIDAL.**-

- 1) Pregunta porque non funciona INTERNET na Escola Universitaria de Estudos Empresariais de Vigo.
- 2) Felicita a idea de realiza-los trípticos das distintas titulacións.
- 3) Reclama que se arbitren solucións cando se presenten conflitos entre distintos estamentos.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 21.45 h. do día 8 de xullo de 1996, da que eu como Secretario dou fe, co v^o e praxe do Rector.

O Rector,

O Secretario Xeral,

José Antonio Rodríguez Vázquez

Xosé Luis Legido Soto